



Sección Sindical Atento - A Coruña INFORMA

A Coruña, 27 de Maio de 2015

**A Sección Sindical da CIG en Atento quere
comunicar o seu apoio á FOLGA DE 24 HORAS
convocada en Atento para o 05-06-2015**

O próximo venres 5 de xuño @s traballador@s de Atento estamos chamad@s a participar nunha **folga de 24h** en defensa do noso dereito a unhas condicións laborais dignas.

Levamos moito tempo xa no que esas condicións se van deteriorando día a día, facéndose insoportables en moitos casos, con acosos, presións, seguimentos, ameazas, sancións, despedidos, falta de formación, modificacións continuas de quendas e servizos...

Vimos de saber hai pouco que no primeiro trimestre do ano Atento presentou uns **beneficios de 18,5 millóns de euros**, e é evidente que só lles importa seguir gañando cartos á nosa costa, exprimíndonos e machucándonos, sen que lles preocupe para nada a nosa saúde, aínda que iso repercute negativamente nos resultados. Non teñen escrúpulos nin respecto por nós.

Dende a CIG facemos un chamamento a tod@s para que secundedes este paro de 24h e convocámosvos á manifestación conxunta c@s traballador@s de EXTEL que fan van á FOLGA o mesmo día, que arrancará ás 12h dende EXTEL, en Matogrande, percorrendo a cidade ata Atento.

**DEFENDAMOS OS NÓSOS DEREITOS!!
OU PARAN ELES, OU PARÁMOLOS NÓS!!
VENRES 5 DE XUÑO, ATENTO EN FOLGA!!!**

SECCION SINDICAL



CIG - ATENTO

e-mail: seccioncigatento@gmail.com

twitter: [@cigatento](https://twitter.com/cigatento)

www.facebook.com/seccionsindical.cigatento